



## LENDAS

### A FONTE SANTA DE BELMIL

Adóitase por terras de Melide, bendicir as hortas apestadas con augas de fontes que teñen virtudes milagreiras para esconxurar os vermes.

Unha destas fontes santas é a moi nomeada de Belmil. Contan que nela, sobre a pena onde nacen as augas, apareceu Nosa Señora dos Ulimentos. Levárona para a parroquia de Liñares mais a Virxe, moi gustosa do ledo sorrir das augas, fuxiu diante das flores do altar para a irta pena, onde non puideron levala de novo, pois meteuse no medio do con onde as augas nacen, facendo un bruído tal coma se dentro del moera de cote un muíño.

Para que as augas fagan o efecto que se arela, a persoa que as vai buscar, ten que poñer e deixar sobre a pena tantas cruces como cabezas hai na casa, pois doutra maneira non fan nada. Tamén debe rezar un nosopai ou algunha outra oración, namentres colle a auga, e coidar de non botar, nin ela nin outra, un triste pecado, porque sería causa máis que dabondo para que deixara a fonte de deitar. En troques, canto más se

rece, máis é a fartura da auga que sae do misterioso penedo. Isto compróbase polo sucedido seguinte:

Foron un día á auga unhas rapazas e mais un vello de Moldes, á dita fonte de Belmil. Ó chegaren, oíron unha disputa duns homes de Liñares, por mor de querer todos a vez primeira. Mais neste cambio de palabras, un individuo soltou unha negra blasfemia, e de súpeto, como por encanto, secou a fonte e o muíño deixou de zumbar aló dentro da pena.

Esperaron todos un pouco e trazas non había de que a fonte quixese deitar. Marcharon aqueles homes de Liñares, mais non o vello e as rapazas de Moldes que a rogos

daquel, puxérонse en oración á Nosa Señora dos Ulimentos, para que lles volvese a auga, que xustamente lles tirara. Así o fixeron, e comenzaron a rezar o rosario, guiadas do vello.

Inda non ben estaban no medio, xa a fonte precipitou a deitar pouquiño; mais segundo ían adiantando no Rosario, más abondaban as augas, tal que ó remate todas elas tiñan as boteñas e pucheiros cheos de auga milagreira que nas entradas do penedo fabrica a Nai de Deus, Nosa Señora dos Ulimentos.

Este caso foi relatado por unha das rapazas que o viu, e é digna de fe.

Natalia R.C 1ºA  
(BAC)

